

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO PENAL NA CORUÑA EN 2024.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REÚNENSE:

D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E D. **Augusto José Pérez-Cepeda Vila**, decano do Ilustre Colexio de Abogados da Coruña, actuando en representación deste, de acordo co disposto no artigo 48 do Estatuto xeral da avogacía española.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN:

Primeiro. As institucións participantes neste convenio teñen interese común na promoción e desenvolvemento da mediación como vía complementaria de solución de conflitos que pon ao alcance das partes implicadas novas ferramentas que lles permitan lograr solucións satisfactorias ás súas pretensións.

Segundo. Nos últimos anos asistimos á crecente importancia da mediación no escenario xurídico, na medida en que a través desta institución se persegue crear un espazo de diálogo guiado no que as partes poidan tratar o feito e as súas consecuencias, dado que a mediación é un mecanismo que busca respostas positivas ao conflito, forma parte dunha concepción máis humana da Xustiza e achega novas respostas á demanda social dunha Xustiza máis útil e próxima á cidadanía. Á diferenza da Xustiza clásica, a mediación outorga ás partes a posibilidade de xestionar a súa crise, sempre que concorran as condicións apropiadas, favorecendo que a expresión directa dos sentimentos e o intercambio sobre as causas do conflito intrapersoal e social permita, alén de estruturas formalizadas, a identificación de solucións máis equitativas, sobre todo porque a mediación humaniza o proceso e ponlles rostro ás partes.



Terceiro. A mediación é o sistema de xestión de conflitos en que unha parte neutral e imparcial, con carácter técnico e en posesión de coñecementos axeitados, independente dos actores institucionais do proceso penal, axuda a dúas ou máis persoas implicadas nun delito, en calidade de vítima e infractor, a comprender a orixe do conflito, as súas causas e consecuencias, a confrontar os seus puntos de vista e a elaborar acordos sobre o modo de reparación, tanto material coma simbólico.

Cuarto. A mediación penal non se debe configurar como unha xustiza negociada, senón que se debe inserir como un novo paradigma do Dereito Penal no que a vítima resulta revalorizada e se lle dá a oportunidade de que, se así o decide, participe activamente na solución do conflito penal; cómpre configurar a mediación penal como un instrumento de carácter social cualificado para a resolución de conflitos e que forma parte do moderno Dereito Penal do século XXI. A mediación no ámbito penal é unha das expresións posibles da xustiza restaurativa e a súa posta en marcha non exclúe a necesidade da Administración de xustiza, dado que o procedemento de mediación no ámbito penal constitúe un proxecto en construción que requirirá a creatividade e a comunicación entre os mediadores, xuíces, letrados da Administración de xustiza, fiscais e avogados, co obxectivo de perfeccionar o dito procedemento. Por esa razón, o proxecto debe concibirse como un acordo entre os distintos operadores xurídicos co obxectivo de que este procedemento sexa aberto e dinámico, xa que de común acordo os operadores poderán ir perfeccionándoo e corrixíndoo en tanto non exista unha lei reguladora da mediación penal, e sempre, é visto, con pleno respecto aos principios informadores do proceso penal cando nos atopemos ante unha mediación intraxudicial. A mediación penal adoita centrarse, substancialmente, nas infraccións con vítimas definidas, nas que a interacción entre vítima e vitimario está presidida pola simetría de forzas, o que permite garantir un espazo de liberdade recíproco.

Quinto. O contexto normativo e institucional que ampara este proceso de mediación debe situarse fundamentalmente no ámbito da Decisión marco 2001/220, do Consello da Unión Europea, relativa ao estatuto da vítima no proceso penal, en cuxo artigo 17 se establecía que os Estados membros terían que poñer en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao estipulado, e todo o máis tardar o día 22 de marzo de 2006. Esta normativa foi substituída con posterioridade pola Directiva, actualmente vixente, 2012/29 UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012.

E precisamente con fundamento nesa normativa europea recentemente foi publicada a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, normativa esta que veu a traspoñer a normativa comunitaria ao noso ordenamento xurídico interno. O artigo 15 da amentada lei establece que "as vítimas poderán acceder a servizos de xustiza restaurativa, nos termos que regulamentariamente se determinen, coa finalidade de obter unha adecuada reparación material e moral dos



prexuízos derivados do delito”, cando se cumpran os requisitos que se enumeran no dito precepto. O encaixe da mediación no proceso penal de adultos pódese localizar hoxe tanto nas diversas posibilidades derivadas do instituto da conformidade coma en disposicións como a apreciación da atenuante de reparación do dano do artigo 21.5 do Código penal (en adiante CP), no grao que se determine atendidos o desenvolvemento do proceso e as demais circunstancias concorrentes, e co establecemento da pena a impoñer consonte as regras xerais establecidas no artigo 66 do CP.

Sexto. O presente convenio de colaboración en materia de mediación penal apóiase, pola súa vez, en experiencias similares que xa se están a desenvolver noutras comunidades autónomas e que sen dúbida achegarán no futuro, unha vez que se elabore un protocolo común, toda a información necesaria relativa a esta forma complementaria ao procedemento xudicial que presenta múltiples vantaxes, tanto polo protagonismo que adquire a vítima na resolución do conflito –posto que se configura como unha persoa capaz de comprender, e non xustificar, o feito delituoso mediante a escoita das motivacións do infractor nun contexto de calma emocional– coma polo feito de que se presenta á súa vez ao infractor como un individuo susceptible de mellora e responsabilidade.

Sétimo. As partes asinantes consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor coñecemento da mediación como instrumento para a resolución de conflitos e á súa incorporación ao ámbito do proceso penal na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña (Icacor, de aquí en diante), para o desenvolvemento do programa experimental de mediación no ámbito penal na Coruña en 2024.

Este convenio pretende ofrecer un procedemento de mediación nas distintas fases do proceso penal –instrución, axuizamento e execución–, de cara a que tanto a persoa que sufriu o delito coma a que é denunciada/investigada, ambas de xeito voluntario, e no marco do proceso penal, poidan participar activamente na resolución do conflito delituoso no que están implicadas, sempre coa intervención dunha persoa mediadora; persoa imparcial e axeitadamente formada, encargada de crear as condicións precisas para o diálogo entre vítima e infractor (noutras



palabras, o mediador é unha peza clave, posto que é a persoa que facilita ese diálogo, pero que non resolve o conflito entre as partes).

A mediación reparadora concíbese, polo tanto, como unha fórmula complementaria ao procedemento xudicial e incardinada neste, que presenta os seguintes obxectivos específicos:

- a) Dotar de protagonismo a vítima na resolución e transformación do conflito que lle atinxe.
- b) Enriquecer o proceso resolutivo do conflito mediante a comunicación entre as partes e a introdución por elas de aspectos subxectivos que adoitan quedar á marxe do procedemento penal formal, conseguindo así unha maior profundidade na solución consensual respecto á mera sanción penal.
- c) Responsabilizar a persoa infractora do feito cometido e do dano ou prexuízo inflixido á vítima.
- d) Conseguir unha maior comprensión de todo o proceso para ambas as dúas partes.
- e) Resocializar o infractor.
- f) Intervir en conflitos xudiciais a través da mediación penal e da xustiza restaurativa como instrumento de resolución pacífica dos mesmos.

Segunda. Obrigas do beneficiario.

O Icacor comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle no neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices do Icacor e o dito persoal non terá relación laboral coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
3. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



6. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.

7. Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Terceira. *Compromisos asumidos polas partes.*

- *Correspóndelle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:*

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a lle aboar ao Icacor, os gastos que deriven da execución deste programa de mediación no ámbito penal, coas seguintes tarifas:

- Aboaranse ata 30,00 € por cada hora dos mediadores, ata un máximo de 180,00 € por mediación realizada. No caso de que a mediación derivada polo órgano xudicial non se puidese iniciar (porque non fose aceptada por algunha das partes, porque non foi posible a súa localización, etc) aboarase unicamente 45,00 € como compensación. A estas cantidades engadiráselle o IVE que sexa de aplicación en cada caso.
- Para estes efectos, o Icacor, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as mediacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do mediador que interveu na mediación, os beneficiarios e mais o número de horas de traballo que se xustifican (ata un máximo de 6 horas por mediación).
- O Icacor poderá xustificar como gastos xerais para a execución do convenio (gastos de divulgación, material funxible e consumibles, equipamento para o equipo de mediadores e outros gastos de análoga natureza), con cargo á execución do convenio, ata un máximo do 10% do xustificado de acordo cos apartados anteriores, coas limitacións máximas de gastos establecidas no convenio.

O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, para o aboamento ao Icacor pola realización das actividades obxecto do convenio.

Poderá facerse un primeiro pagamento do 10% da contía total concedida con cargo aos fondos destinados ao mantemento do servizo e divulgación, en concepto de anticipo, unha vez asinado o convenio de colaboración.



O resto da contía total concedida, ata alcanzar o 80%, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva, á medida que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados.

O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

A subvención supón o 100% do custo total estimado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que o Icacor é unha institución xurídico-administrativa sen ánimo de lucro, a citada institución queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes faralle o pagamento ao Icacor unha vez que este presente a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón de contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Calquera outra documentación ou material que o Icacor considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa fíxase no 10 de decembro de 2024.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación considerárase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

- ***Correspóndelle ao Icacor:***

O Icacor comprométese a implantar un programa piloto de mediación para o ámbito penal nos xulgados de instrución e do penal da cidade da Coruña e partidos limítrofes que decidan derivar cara á mediación, xa de oficio, xa por pedimento do Ministerio Fiscal ou de calquera das partes, de acordo coas indicacións dispostas no presente convenio.

Corresponderalle ao Icacor designar o lugar e o horario –para cuxo efecto se empregarán, agás negativa das partes, as instalacións do seu centro de mediación Icacor.MEDIA–, así como os mediadores que cumpran os requisitos previstos legalmente entre os que figuren inscritos nos seus respectivos rexistros. Para tal efecto, o colexio deberalle comunicar mensualmente ao xulgado aqueles mediadores que van conformar o equipo de mediación penal e que van estar dispoñibles durante ese mes, sempre respectando a permanencia dun mediador xurista supervisor do equipo.

Cuarta. Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



O financiamento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das actuacións obxecto do presente convenio será incompatible con outras axudas establecidas por outra Administración pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade, de acordo co artigo 17.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polo colexio á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 10 de decembro de 2024.

Quinta. *Control.*

O Icacor someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos pagamentos realizados.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, e unicamente para efectos estatísticos, o Icacor informará trimestralmente á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes sobre os procedementos de mediación realizados polo equipo de mediación constituído, comunicando o número de mediacións realizadas, o xulgado de procedencia e a duración de cada unha delas, así como o resultado final dos procedementos.

O Icacor remitiralle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha memoria anual na que se recollan e describan todas as actuacións levadas a cabo polo equipo de mediadores.

O Icacor comprométese a prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

Sexta. *Compromisos dos profesionais que realicen a mediación.*

Os profesionais que realicen a mediación comprométense a:



- a) Realizar os cursos e seminarios de formación que para este efecto sexan convocados polo Icacor. Para estes efectos, os mediadores asignados a este convenio terán formación específica en mediación na xurisdición penal.
- b) Aceptar as encargas de mediación entre as partes, a non ser que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recolleitos.
- c) Cumprir os prazos establecidos en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- d) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- e) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediadores.
- f) Enviar con carácter semestral as fichas de datos solicitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Sétima. *Publicidade e protección de datos.*

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

O Consello Galego dos Procuradores en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.



Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente comprométense a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no Convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.

Oitava. *Confidencialidade da información e dos resultados.*

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Novena. *Comisión de seguimento do convenio.*

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase unha comisión de seguimento, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado ao seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de Xustiza.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- O titular da Dirección Xeral de Xustiza, que poderá delegar no subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza.
- O decano do Iacor, ou persoa en quen delegue.



Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirase de xeito ordinario cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes. Para tales efectos a comisión poderá requirir a presenza do equipo mediador.

Décima. *Vixencia do convenio.*

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2024. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio realizadas desde o 1 de xaneiro de 2024.

Décimo primeira. *Natureza xurídica.*

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Resulta de aplicación a normativa reguladora das subvencións públicas, isto é, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei, así como as previsións de carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. *Modificacións e resolución do convenio.*

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior achega económica ao mesmo, e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) Pola desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio ou polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. *Obriga de cumprimento dos compromisos.*

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

Décimo cuarta. *Cláusula final.*

A sinatura do presente convenio non é óbice para o establecemento ou ampliación de relacións de colaboración no ámbito da mediación con outras entidades ou institucións, nin exclúe a sinatura de calquera outro convenio de similar natureza.

E en proba de conformidade de canto antecede, e para a debida constancia, asínase o presente convenio de colaboración por cuadriplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.



POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

Augusto José Pérez-Cepeda Vila

